

# O Software Libre nas Pequenas e Medianas Empresas de Galicia

EDICIÓN 2012. RESUMO EXECUTIVO



# ÍNDICE

## I. Presentación

## II. Principais resultados

II.1. Datos xerais

II.2. Empresas que non usan Software Libre

II.3. Perspectivas de futuro



## I. Presentación

Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na “**Enquisa ás Empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia**”. Edición 2012.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

### Obxectivo:

- Analizar o nivel de implantación e uso nas pequenas e medianas empresas de Galicia e a súa evolución, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en FLOSS e as súas vantaxes competitivas.

### Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 388 enquisas ás empresas de 10 a 249 asalariados/as que non son persoas físicas
- Enquisa vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 30 de marzo ao 17 de xuño de 2012.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de  $\pm 4,95\%$ .

## II. Principais Resultados

### II.1 Datos xerais




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS  
E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Empresas con Software Libre

##### Evolución Galicia <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

⇒ O 73,9% das empresas galegas de 10 a 249 traballadores/as dispoñen de Software Libre.

Crecemento no período 2010-2012:  
10,3 puntos

⇒ Un 65,1% das empresas ten Software Libre nos ordenadores e un 39,9% nos servidores.

⇒ Se consideramos soamente as empresas con servidores, a porcentaxe de empresas que empregan Software Libre nos servidores sitúase no 48%.

## II. Principais Resultados

### II.1 Datos xerais: Ordenadores




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS  
E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres e privadas nos ordenadores

##### Evolución Galicia <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Crecedemento no período 2010-2012:  
-Aplicacións libres: 20,7 puntos  
-Sistemas operativos libres: 13,1 puntos

☞ Aínda que a presenza de Software Privativo segue sendo maioritaria, experimenta un forte descenso nos sistemas operativos privados (-15,1 puntos).

☞ Percíbese unha tendencia positiva cara o Software libre nos ordenadores, moi especialmente, no referente á utilización de aplicacións libres, aínda que tamén aumenta notablemente a porcentaxe de empresas que dispoñen de sistemas operativos libres nos ordenadores, o que apunta a que as empresas comezan a confiar na calidade e utilidade dos sistemas operativos libres para os ordenadores de usuario.

## II. Principais Resultados

### II.1 Datos xerais: Servidores




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS  
E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres e privadas nos servidores

Evolución Galicia <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores)



**Crecemento no período 2010-2012:**  
-Aplicacións libres: 3,9 puntos  
-Sistemas operativos libres: 9,5 puntos

Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

☞ A tendencia na evolución do uso de Software Libre nos servidores é moi similar ao caso dos ordenadores de usuario.

☞ Así, hai un incremento no uso de sistemas operativos libres, acompañado dun descenso no uso de sistemas operativos privados.

☞ No que respecta ás aplicacións, tamén experimenta a tendencia de evolución positiva observada nos ordenadores aínda que rexistrou un crecemento máis moderado. A diferenza que nos ordenadores de usuario, vai tamén acompañado dun descenso de 10,3 puntos porcentuais no uso de aplicacións privadas.

## II. Principais Resultados

### II.1 Datos xerais: Aplicacións



O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA


☞ As aplicacións de software libre máis frecuentes nas empresas son: os navegadores de Internet, as ofimáticas e os xestores de correo.

☞ En termos evolutivos practicamente todas as aplicacións de Software Libre experimentaron un forte crecemento nos últimos anos, especialmente as de ofimática, antivirus e seguridade e xestión empresarial.

Aplicacións de Software libre existentes nas empresas

Evolución Galicia <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



**Crecedemento no período 2010-2012:**  
- Ofimática: 10,3 puntos  
- Antivirus e seguridade: 10 puntos  
- Xestión empresarial: 8,6 puntos

Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011



## II. Principais Resultados

### II.2 Empresas que NON usan Software Libre (I)




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS  
E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Previsión do uso do Software Libre nas empresas que non o usan

##### Comparativa 2008-2012 <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas física e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

☞ Redúcese a porcentaxe de empresas que NON consideraron unha implantación do Software Libre, pero o prazo medio estimado para empregalo atópase arredor dos dous anos.

☞ O 56,9% das empresas consideran que, aínda que non dispoñen de Software Libre, a súa utilización sería beneficioso para elas, 21,9 puntos máis que no ano 2010.



## II. Principais Resultados

### II.2 Empresas que NON usan Software Libre (II)




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Comparativa 2008-2012 <sup>(1)</sup>

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas física e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

<sup>(1)</sup> Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

➡ O motivo principal para non empregar Software libre é o descoñecemento ou a falta de información, xunto coa complexidade ou risco ante o cambio, reducíndose o número de empresas que non saben ou non contestan sobre as razóns para non usar Software Libre.

## II. Principais Resultados

### II.3 Perspectivas de futuro




O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

#### Accións para promover o Software Libre nas empresas

##### Evolución Galicia

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

➡ Máis da metade das empresas considera que o uso do Software Libre experimentará no futuro un incremento no mercado.



#### Estimación da evolución do Software Libre no mercado

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

➡ As actuacións para incentivar o Software Libre nas empresas máis demandadas son:

1º. Potenciación de demostracións de funcionamento de produtos

2º. Asesoramento no caso concreto de cada empresa

3º. Axudas ou subvencións para a súa implantación.



O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS  
E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

Máis información: [www.osimga.org](http://www.osimga.org)

